

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Permanente da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **8 de novembro de 2019**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (30/05/2018, 18/06/2018, 03/07/2018, 24/07/2018, 12/09/2018, 03/10/2018, 31/10/2018, 04/02/2019, 14/05/2019, 31/05/2019, 03/07/2019, 24/07/2019 e 12/09/2019).
2. O Director informa de que se van realizar obras no Edificio Politécnico para a instalación de placas fotovoltaicas.
3. Primeiro, apróbase por asentimento nomear o Tribunal do Premio Extraordinario do Grao en Comisión Permanente para que sexa ratificado en Xunta de Centro. A continuación, apróbase o nomeamento do devandito tribunal.
4. Con respecto á asignación provisional dos Traballos de Fin de Grao e Profesorado Titor para o curso 2019-2020, apróbase por asentimento o seguinte:
  - a. Dar o visto e prace aos titores dos TFG de asignación directa.
  - b. Asignar TFG aos alumnos que o solicitaron e dar o visto e prace aos seus titores.
  - c. Asignar TFG por oficio aos alumnos que non teñen TFG asignado e dar o visto e prace aos seus titores.
5. Apróbanse todas as solicitudes de cambio de título, resumo, titor e cotitor de Traballos de Fin de Grao presentadas.
6. Noméanse dous tribunais para a avaliación dos Traballos de Fin de Grao.
7. Non hai asuntos de trámite.
8. Infórmase de dúas queixas xunto coas respostas emitidas.
9. Prégase renovar as comisións debido a que se deron de baixa na delegación de alumnos varios membros.